



O IES de Valga permanecerá pechado a partir do 16 de marzo

Coa finalidade de compatibilizar o dereito ao ensino e a loita contra a pandemia covid-19, o IES de Valga vai estar pechado durante catorce días naturais contando a partir do 16 de marzo habilitando un sistema de formación a distancia.

Durante estes días, o profesorado vai subir materiais de traballo á Aula Virtual do centro, á que se pode acceder na propia páxina web iesdevalga.gal. Cada estudante dispón dunha conta persoal que lle permite consultar e descargar documentos, contactar co profesorado e realizar actividades de seguimento. Esta metodoloxía non é unha novidade para o alumnado do centro, pois xa se viña utilizando de maneira complementar desde hai varios cursos.

Coa finalidade de evitar unha fenda dixital, o centro dispón dun servizo de empréstimo de computadores portátiles. O alumnado que manifestou ter necesidade de levar un equipo informático ao seu domicilio púidoo facer durante esta última semana.

A dirección do IES de Valga fai un chamamento ao conxunto da comunidade educativa para seguir as instrucións do goberno galego para conter a expansión do covid-19, isto é, manter unhas pautas de hixiene básicas e sistemáticas e evitar a asistencia a lugares concurridos.

Estas datas de peche poderán variar en función das instrucións das administracións públicas.